

INTERVENCIÓN

LVP/ccg

Refª: ispac7141508414491307316.doc

Asunto: Decreto aprobación Modificación Plan de Inversións

DECRETO

EXCMO. SR. DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, ALCALDE PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA TC 32-2025. MODIFICACIÓN DO PLAN DE INVERSIÓN DO EXERCICIO 2025, PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA DE MELLORA DA DRENAXE NO ENTORNO DA PRAZA DO CASTIÑEIRO.

Visto o expediente tramitado para a alteración do plan de inversións - Modificación Plan de Inversións, TC 32-2025 para a contratación da obra de MELLORA DA DRENAXE NO ENTORNO DA PRAZA DO CASTIÑEIRO faise necesaria unha modificación do plan de inversións que non implica transferencia de crédito ao manterse a mesma aplicación orzamentaria, nin modificación do código de proxecto.

Vistos igualmente os documentos e informe que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 1461/2025, do 25.09.2025.

Tendo en conta que as circunstancias que se poñen de manifesto pola enxeñeira municipal, Marta Carballal Neira Obras, o 25.09.2025 e dado que ditas modificacións non supoñen unha modificación orzamentaria de competencia plenaria tal e como se regula na base 11 de execución do orzamento que establece que:

*"A determinación específica dos citados proxectos e o seu financiamento virá establecida no Anexo de inversións, con especificación do investimento que se realizará e o recurso que o financia. As alteracións no Anexo de inversións deberán ser aprobadas polo Pleno da corporación cos mesmos requisitos que a aprobación do orzamento, **sempre que esas alteracións esixan modificacións orzamentarias de competencia plenaria**. Aos efectos do disposto neste parágrafo, non se entenderá como alteración do Anexo de inversións a modificación da fonte de financiamento de cada proxecto específico como consecuencia da aparición de recursos financeiros propios derivados do remanente de tesourería ou do alleamento de inversións, para o que será suficiente a acreditación de tales recursos e a súa aprobación por decreto da Alcaldía."*

Tendo en conta á súa vez que a base 14ª das de execución do Orzamento Xeral atribúe a competencia para a aprobación dos expedientes de transferencia de crédito á Alcaldía, coa excepción dos que afecten a distintas áreas de gasto e non afecten a créditos de persoal (en aumento e diminución)

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

INTERVENCION

LVP/ccg

Refª: ispac7141508414491307316.doc

Asunto: Decreto aprobación Modificación Plan de Invetimentos

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación do plan de investimentos do exercicio 2025 por un importe global de 100.000,00 €, para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

Onde di:

Descrición

Importe Propuesta/Desglose

RENOVACIÓN SANEAMIENTO, ABASTECIMIENTO E PAVIMENTAC. FERMÍN RIVERA (PXTO E OBRA)	100.000,00 €
--	--------------

Haberá dicir:

Descrición

Importe Propuesta/Desglose

MELLORA DA DRENAXE NO ENTORNO DA PRAZA DO CASTIÑEIRO	100.000,00 €
---	--------------

SEGUNDO: Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.